



Ana Pontón onte no Parlamento con profesionais de saúde mental.

## Pontón alerta das listas de agarda en Psiquiatría O BNG urxe dotar Primaria de asistencia psicolóxica

Redacción | Nós Diario

A voceira nacional do BNG, Ana Pontón, mantivo na xornada de onte un encontro cunha delegación do Colexio Profesional de Psicoloxía e do Movemento Galego de Saúde Mental para analizar as políticas do Goberno galego nesta materia. Na xuntanza, a dirixente do BNG reclamou ao presidente da Xunta da Galiza, Alfonso Rueda, que abandone "a propaganda e as mentiras no ámbito sanitario e desenvolva medidas reais para solucionar os problemas da sanidade pública".

Pontón, que estivo acompañada durante a reunión polas parlamentarias nacionalistas Montserrat Prado e Iria Carreira, referiuse ao informe de fiscalización do Consello de Contas sobre o Plan de saúde mental 2020-2024 da Xunta da Galiza. Precisamente, o relatório constatou que o Goberno galego só executou 33,5 de 80 millóns de euros comprometidos no programa da Administración galega.

A dirixente nacionalista cualificou a política do Goberno galego en materia de saúde mental como "unha mentira", que "afecta miles de galegos e galegas que están angustiadas agardando por unha primeira

consulta en Psiquiatría, agardando en listas de espera que non deixan de medrar e ás que o Goberno do señor Rueda só ofrece propaganda e mentiras". Neste punto, denunciou un incremento nas listas de agarda de Psiquiatría de 174% na área sanitaria de Lugo e de 149% na área de Ourense.

"É indecente e, sobre todo, é cruel, porque estamos falando da atención á saúde mental das persoas e con iso o Partido Popular non debería nin xogar, nin facer propaganda", aseverou Pontón, quen indicou que "estamos moi lonxe de alcanzar os obxectivos mínimos de protección de saúde mental. Son precisas medidas, medios e persoal para que a saúde mental deixe de ser un luxo ao alcance duns poucos".

A responsábel nacionalista apostou por novas medidas para mellorar a calidade asistencial en materia de saúde mental. A este respecto, defendeu a contratación "de 100 psicólogos e psicólogas" para prestar en Atención Primaria a especialidade Psicoloxía Clínica. Ao tempo, avogou por incrementar as prazas de formación tanto en Psiquiatría como en Psicoloxía e en enfermería especialista en saúde mental, tanto na Atención Primaria como na hospitalaria.

## A oposición cuestiona a política lingüística do PP A Xunta nega a certeza dos datos do IGE sobre a perda de galegofalantes

Redacción | Nós Diario

O secretario xeral de Lingua, Valentín García, cuestionou onte durante unha comparecencia a petición propia ante a Comisión de Educación e Cultura do Parlamento da Galiza a veracidade dos datos achegados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en outubro do ano pasado referidos ao coñecemento e uso do galego en 2023.

García asegurou que a información fornecida polo instituto público "non é un dato fiable", senón que é "irrelevante en demoscopia e sociolingüística", malia ser resultado dunha sondaxe realizada polo IGE entre 21.003 persoas. Nesta dirección, descartou que o galego se atope nunha situación de "emerxencia lingüística", como denuncian desde os colectivos en defensa do idioma ou desde



Valentín García.

institucións como a Real Academia Galega (RAG).

O máximo responsábel da política lingüística cargou contra as cifras fornecidas pola sondaxe en relación co uso do galego entre os menores de 15 anos e negou que fosen reais. Neste sentido, a enquisa do IGE recollía que 70.891

mozos e mozas de entre 5 e 14 anos –isto é, 32,4% desa faixa de idade– recoñecían en 2023 a súa imposibilidade para expresarse en galego, o que representaba un incremento de máis de 110% en relación a 2008.

A enquisa do IGE apuntaba que o 53,6% da poboación de entre 5 e 14 anos e o 43% da faixa de entre 15 e 29 anos afirmaban expresarse sempre en español, 24,1 e 17,6 puntos máis, respectivamente, que en 2008. Na mesma dirección, certificaba que 29,6% de residentes na Galiza falan sempre en español.

A deputada nacionalista Mercedes Queixas criticou García por "deslexitar informes" do IGE e acusouno de situarse no "negacionismo lingüístico". Pola súa banda, a parlamentaria socialista Silvia Longueira acusou o Goberno galego de "perverter" o consenso lingüístico

## As persoas trans contarán cun protocolo en sanidade

Redacción | Nós Diario

O Observatorio LGTBI+ aprobou onte na reunión do seu plenario o protocolo sanitario de Atención Primaria dirixido ao trato con persoas trans e elaborado pola Consellaría de Sanidade.

O documento sinala que "todas as persoas deben ser recoñecidas e respectadas tal e como son, ningún ten o dereito para decidir quen merece ou non ser incluído na sociedade. Debemos defender os dereitos humanos de todas as persoas sen excepcións e promover unha sociedade que acepte todas as persoas como iguais e que sexa respectuosa cara a todas as persoas independentemente da súa identidade de xénero". Nesta dirección, reclama avanzar "cara a unha sociedade inclusiva e diversa".



Reunión entre a Consellaría de Presidencia e o Concello de Ferrol.

## Ferrol Estudo de conexións ferroviarias

Redacción | Nós Diario

O Goberno galego presentou onte ao alcalde de Ferrol, José Manuel Rei Varela, e aos voceiros dos grupos municipais do Concello un estudo no que propón diversas melloras nas redes ferroviarias para reducir a 45 minutos o tempo de viaxe entre a cidade e A Coruña. O documento, elaborado pola Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes, contempla diversas actuacións como melloras puntuais no trazado, a execución da variante de Betanzos (As Mariñas), o establecemento de novos puntos de cruzamento para incrementar as frecuencias, a electrificación da liña e a adecuación dos apeadeiros. Neste sentido, o titular Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, que estivo presente no encontro, sinalou que as actuacións propostas implican un investimento de 250 millóns de euros.